

VENRES 18 ABRIL
20:30 H
CLOWNÓMADAS
(MALLORCA)

"SIN DESTINO"
SINOPSE

SEN DESTINO PRESENTANOS A COMPÁS, UN PALLASO ERRANTE SEN RUMBO FIXO, UN VIAXEIRO FORZADO POLAS CIRCUNSTANCIAS, EMPUXADO A DEIXAR ATRÁS O SEU FOGAR POR CONFLITOS QUE ESCAPAN DO SEU CONTROL. COS SEUS BAÚIS AO LOMBO E O POUCO QUE LLE QUEDA, LÁNZASE A UN CAMIÑO INCERTO, ONDE CADA ENCONTRO É UNHA FAÍSCA DE ESPERANZA E CADA MIRADA, UN NOVO COMEZO.

NA SÚA TRAVESÍA, BUSCA O AMOR DE QUEN SE CRUZA NO SEU CAMIÑO, ESE AMOR QUE LLE DÁ FORZAS PARA SEGUIR ADIANTE E QUE, CONVERTIDO EN XOGO, DEVOLVE AO MUNDO EN FORMA DE RISAS E ASOMBRO. A SÚA LINGUAXE NON NECESITA PALABRAS: O TEATRO XESTUAL, A MAXIA, OS MALABARES E A POESÍA DO FUME CONVÉRTENSE NAS SÚAS FERRAMENTAS PARA CONECTAR CO PÚBLICO.

UN ESPECTÁCULO ONDE A EMOCIÓN E O GOCE VAN DA MAN, LEMBRÁNDONOS QUE, MESMO NA INCERTEZA, SEMPRE HAI ESPAZO PARA A TERNURA, A RISA E A HUMANIDADE.



SÁBADO 19 ABRIL
20:30 H
MOSTRA FIN DE
CURSO DE CLOWN
CAROLINE DREAM
ENTREGA PREMIO
ENTRADA DE BALDE



COLABORAN



Concello do Carballiño



DEPUTACIÓN
OURENSE

2025

O CLOWNCURSO

O CARBALLIÑO

SEMANA SANTA

entradas : 3,00€
bono 4 días : 10,00€

WWW.ESCOLAGALEGADECLOWNS.COM/OCLOWNCURSO

ORGANIZA



ESCOLA

GALEGA DE
CLOWNS

MARTES 15 ABRIL
20:30 H
MARÍA D'ALEGRIA
(PORTUGAL)

"UMANA"
SINOPSE

UMANA É UNHA VIAXE SOBRE O PASO DO TEMPO, A SOIDADE E OS RECORDOS.
UN DRAMA CÓMICO SOBRE O ENVELLECIMENTO E AS GANAS DA ETERNA MOCIDADE, FEMININO, ÍNTIMO, CÓMICO E FESTIVO.
IMAXINA QUE RECIBES A INVITACIÓN PARA A FESTA DE ANIVERSARIO DA RAÍÑA DONA MARÍA! E, SEN DARTE CONTA, OS DÍAS PASAN COMO UNHA PELÍCULA MUDA E A MÁIS INCRIBLE FESTA DO ANO, NO CASTELO, VAI SER PREPARADA MESMO DIANTE DOS TEUS OLLOS! A RAÍÑA CUMPRE ANOS, A PALLASA MULLER SERÁ COROADA. E, PARA A PALLASA, TODOS OS DÍAS SON IGUAIS!... MENOS O DÍA DO SEU ANIVERSARIO!
QUIXÉSEMOS QUE O TEMPO ANDASE PARA ATRÁS E A ETERNA MOCIDADE VIVISE SEMPRE EN NÓS. ACOMPAÑAMOS A CRONOLOXÍA DUNHA MULLER DE 80 ANOS QUE SIMPLEMENTE NON QUERE ENVELLECER. UNHA ODA Á VIDA VIVIDA CON HUMOR.



MÉRCORES 16 ABRIL
20:30 H
HEYOKA CLOWN
(BILBAO)

"LO QUE ME SALE DE LA CONCHA"
SINOPSE

UTREIA DE GAIA, QUE SE CRE CIENTÍFICA E MAGA, CREA UN SHOW PARA MOSTRAR AO PÚBLICO COMO FOI A CREACIÓN DO MUNDO. A SÚA MAXIA TORPE E IMPERFECTA LÉVALLE A UNHA TRANSFORMACIÓN DUNHA HUMANA A DEUSA TAN IMPERFECTAMENTE PERFECTA, QUE NOS FARÁ LEMBRAR QUE DENTRO DA NOSA HUMANIDADE IMPERFECTA ESTA A PERFECCIÓN DE ACEPTARNOS TAL E COMO SOMOS.
TRÁTASE DUN ESPECTÁCULO CLOWN, PRINCIPALMENTE XESTUAL, AÍNDA QUE HAI SONS E ALGUNHAS PALABRAS. COMBINA A MANIPULACIÓN DE OBXECTOS, TEATRO FÍSICO E CLOWN. IMPULSOUME CREAR ESTE ESPECTÁCULO UNHA NECESIDADE DE PROCURA DE AUTENTICIDADE, LIBERDADE E SINXELEZA EN ESCENA. CON SÓ UNHA TENDA DE CAMPAÑA, UNHA CUNCHA XIGANTE E O CLOWN, LEVAR AO PÚBLICO A UN MUNDO SUBMARINO A TRAVÉS DA MAXIA TORPE DA PALLASA.



XOVES 17 ABRIL
20:30 H
MIKEL OSETE
(NAVARRA)

"THE RETURN OF DELIRIOS"
SINOPSE

DELIRIOS, UN DOS ARTISTAS MÁIS RECOÑECIDOS DAS VEGAS, REGRESA CO SEU ESPECTÁCULO DE EQUILIBRIO, PRESTIDIXITACIÓN E MALABAR, TRAS ANOS DE DECADENCIA PARA DAR O SEU ADEUS DEFINITIVO. ESTA VEZ, FARAO SEN O TRAIADOR DO SEU EX AXUDANTE E EX PARELLA, JOE PRENTER. EXAXERADAMENTE CONVENCIDO DE QUE A SÚA VOLTA AUMENTARÁ O MITO DA SÚA LENDA.

